



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Biblioteca

*Bases da 12ª edición do concurso #140enpositivo da Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña*

##### **BASES DO XII CONCURSO “#140ENPOSITIVO” - EDICIÓN 2024**

A Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña convoca a 12ª edición do concurso “#140enpositivo”.

##### **1. Primeira. Obxecto**

O concurso ten como finalidade espertar a imaxinación dos lectores e lectoras, animar a compartir as súas creacións, dinamizar a Biblioteca e facer partícipes do concurso ao conxunto de bibliotecas municipais da provincia.

Buscamos mensaxes positivas que nos impulsen e melloren no noso día a día, palabras de ánimo e apoio para compartir e animar a diferentes idades.

##### **2. Segunda. Participantes**

Poderán participar todas as persoas físicas, a partir de 9 anos, escollendo a categoría na que participa.

Quedan excluídas todas as persoas con calquera tipo de relación de servizo coa Biblioteca da Deputación da Coruña.

##### **3. Terceira. Formato**

A máxima do concurso é o pensamento positivo, así que os participantes teñen que crear unha mensaxe motivadora, de ánimo, entusiasmo, alegría ou apoio a diferentes causas: unha mensaxe en positivo.

As mensaxes terán unha extensión de 280 caracteres, os espazos contan.

Poden ser escritas en ordenador ou manuscritas.

As mensaxes poden estar **escritas en galego ou castelán**.

Cada participante poderá entregar ou enviar como máximo 3 mensaxes ou composicións.

As mensaxes **deben ser inéditas** ou non serán candidatables para os premios.

##### **4. Cuarta. Forma de presentación**

Os traballos deben presentarse dun dos dous seguintes xeitos:

- A través da páxina web da biblioteca [www.dacoruna.gal/biblioteca](http://www.dacoruna.gal/biblioteca), no formulario habilitado no apartado de Actividades > Concursos.
- Escribindo as mensaxes nos modelos en papel dispoñibles na Sección Infantil e Xuvenil da Biblioteca ou no Servizo de Información, e deixándoas nas caixas de correo habilitados nesas salas.

##### **5. Quinta. Prazo de presentación**

O prazo no que se poden presentar os traballos será dun mes, que comezará ao día seguinte da súa publicación no BOP

##### **6. Sexta. Premios**

Os premios repártense en dúas categorías:

- Categoría 1: Máis de 18 anos: no que se seleccionarán tres premiados ou premiadas.
- Categoría 2: Entre 14 a 17 anos: no que seleccionarán tres premiados ou premiadas.
- Categoría 3: Entre 9 a 13 anos: no que seleccionarán tres premiados ou premiadas.

De entre todos os traballos presentados seleccionaremos, polo tanto, 9 gañadores ou gañadoras.

O **premios** consisten en:

- Categoría 1: Máis de 18 anos: no que se seleccionarán tres premiados ou premiadas.

\*Un libro electrónico para o primeiro premio.

- \* 1 tarxeta regalo para a compra de libros valorada en 75 € para o segundo premio.
- \* un lote de produtos promocionais da biblioteca para o terceiro premio.
- Categoría 2: Entre 14 a 17 anos: no que seleccionarán tres premiados ou premiadas.
- \*Un libro electrónico para o primeiro premio.
- \* 1 tarxeta regalo para a compra de libros valorada en 75 € para o segundo premio.
- \* un lote de produtos promocionais da biblioteca para o terceiro premio.
- Categoría 3: Entre 9 a 13 anos: no que seleccionarán tres premiados ou premiadas.
- \*Un lote de produtos de escritura e manualidades para o primeiro premio valorado en 75 €
- \* 1 tarxeta regalo para a compra de libros valorada en 50 € para o segundo premio.
- \* un lote de produtos promocionais da biblioteca para o terceiro premio.

Haberá un **pequeno agasallo** da Biblioteca provincial para todos os participantes, a recoller na Biblioteca.

#### 7. Sétima. Entrega do premio

Finalizado o prazo de participación, anunciaranse os premiados na páxina web da biblioteca, fisicamente na propia Biblioteca, e nas redes sociais Facebook, Twitter e Instagram.

As persoas gañadoras **serán notificadas por correo electrónico ou teléfono**. Deberán aceptar o premio nun prazo de 72 horas dende a notificación. A aceptación do premio está unida á súa recollida presencial na Biblioteca da Deputación da Coruña.

#### 8. Oitava. Dereitos e deberes

Os traballos presentados e os seus autores expoñeranse na Biblioteca e difundiranse nas redes sociais propias da Biblioteca e tamén nas da Deputación da Coruña, polo que a participación no concurso supón a aceptación da mencionada difusión.

Quedarán excluídas da participación todas aquelas mensaxes que non sexan inéditas, de contido incompleto, inapropiado ou que non se axusten ao obxecto e ás bases do concurso.

A participación neste concurso supón a aceptación completa destas bases, así como a aceptación da decisión do xurado, que será inapelable.

As bases serán publicadas no BOP en aras do cumprimento do principios de transparencia e publicidade e tamén quedarán expostas no taboleiro de anuncios da Biblioteca, na páxina web e nas redes sociais da Biblioteca.

A Coruña, 17 de abril de 2024

Valentín González Formoso

Presidente da Deputación da Coruña

2024/2771